

POSIBLES IDEAS PARA UNHA HOMILÍA CON NENOS

28 xaneiro 2018

A túa PALABRA LIBÉRANOS

1. VER: O contador de historias

--Hai un xornalista que viaxa habitualmente a unha vila de África e goza decatándose do que sucede ás xentes do poboado. Nunha das súas visitas descubriu unha chea de televisores aínda sen estrear almacenados nunha choza nos arredores da vila. Desconcertado, foi conversar co xefe do poboado. Por que a xente da vila non ve a televisión"?, preguntoulle. E o xefe do poboado contestoulle: "Nós temos o noso propio contador de historias." "Iso está moi ben, pero a televisión pode contarlles miles de historias", díxolle o xornalista. "É verdade, díxolle o xefe, pero o noso contador de historias coñécenos a cada un de nós".

Que che parece? E as respostas do xefe? É a tele o noso único contador de historias? Coñeces outros contadores?

2. XULGAR: Xesús conta historias que liberan

- No el evanxeo de hoxe, Xesús entra o sábado na sinagoga. Os que o oen "quedaron abraiados da súa ensinanza, porque non ensinaba como os letrados, senón con autoridade". E para confirmar o que predica, Xesús cura a un que estaba posuído polo mal.

+QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

- Xesús veu ao mundo para **contarnos a historia de amor de Deus** connosco. Fálanos dun Pai que nos creou, que nos enviou a Xesús para dar a súa vida e salvarnos. As súas ensinanzas e os seus xestos ilumínanos.
- Cada domingo visítanos e regálanos a súa Palabra:** a súa mensaxe enténdese ben, fala con convicción, é Palabra de Deus, luz e forza.
- A súa Palabra ten autoridade** porque vai apoiada polos feitos, é coherente co que di, é un home auténtico.
- A súa Palabra cura**, sanda corazóns, limpa e cambia; ensínanos a vivir, a atopar sentido, respostas ás preguntas da vida.

De que cárceres nos libera a Palabra de Deus?

De que cárceres nos libera a Palabra de Deus?

3. ACTUAR: Que a túa Palabra nos libere.

- Valora e aprecia cada vez máis a Palabra de Deus, escóitaa con atención, óraa, descobre o que che di e intenta vivilo. Descubre de que te quere liberar Xesús coa súa Palabra, en que te quere cambiar e mellorar.
- Lede na casa en familia o evanxeo de cada día e compárteo con eles.
- Podedes organizar unha sesión de contacontos. Dade grazas e pedide polos educadores ou contadores de historias de vida: catequistas, profesores, avós, sacerdotes... que se parezan ao “contador” ou mestre, Xesús.
- Escribide unha carta a Xesús agradecendo as súas palabras, ou contade feitos de Xesús ou facede un mural sobre a Biblia. Pedide “líbranos do mal”.

Que estás disposto a facer?

LECTURAS

- **DEUTERONOMIO 18, 15-20:** *Suscitarei un profeta e poñerei as miñas palabras na súa boca.*

Moisés falou ao pobo dicindo: «O Señor, o teu Deus, suscitarache de entre os teus, de entre os teus irmáns, un profeta coma min. A el escoitarédelo. É o que pediches ao Señor, o teu Deus, no Horeb o día da asemblea: “Non quero volver escoitar a voz do Señor, o meu Deus, nin quero ver máis ese gran lume, para non morrer”. O Señor respondeume: “Está ben o que dixeron. **Suscitarei un profeta de entre os seus irmáns, coma ti. Poñerei as miñas palabras na súa boca, e diralles todo o que eu lle mande. Eu mesmo pedirei contas a quen non escoite as palabras que pronuncie no meu nome. E o profeta que teña a arrogancia de dicir no meu nome o que eu non lle mandei, ou fale en nome de deuses estranxeiros, ese profeta morrerá”**». Palabra do Señor.

- **SALMO 94: R/.** Oxalá escoitedes hoxe a voz do Señor: «Non endurezádelo voso corazón».

- **I CORINTIOS 7, 32-35:** *A solteira preocúpase dos asuntos do Señor, de ser santa.*

Digo isto, irmáns, que o momento é apremante. Queda como solución que os que teñen muller vivan coma se non a tivesen; os que choran, coma se non chorasen; os que están alegres, coma se non se alegrasen; os que compran, coma se non posuísen; os que negocian no mundo, coma se non gozasen del: porque a representación deste mundo remátase. *Palabra do Señor.*

• **MARCOS 1, 21B-28: Ensinaba con autoridade.**

Narrador: Na cidade de Cafarnaúm, o sábado entrou Xesús na sinagoga a ensinar; estaban abraiados da súa ensinanza, porque ensinaba con autoridade e non como os escribas. Había precisamente na súa sinagoga un home que tiña un espírito inmundo e botouse a gritar:

Home: - «*Que temos que ver nós contigo, Xesús Nazareno? Viñeches acabar connosco? Sei quen es: o Santo de Deus*».

Narrador: Xesús increpouno.

Xesús: -«Cala e sae del!».

Narrador: O espírito inmundo retorceu violentamente e, dando un grito moi forte, saíu del. Todos se preguntaron estupefactos:

Xente: -«Que é isto? Unha ensinanza nova exposta con autoridade. Incluso manda os espíritos inmundos e obedéceno».

Narrador: A súa fama estendeuse enseguida por todas partes, alcanzando a comarca enteira de Galilea. *Palabra do Señor.*

(Narrador-Home-Xesús-Xente).